

INFORMACIÓN SOBRE AS NOVAS NORMAS DE PRÉSTAMO PARA BIBLIOTECAS CON PROGRAMA KOHA (POLÍTICA B)

Servizo de préstamo

Para que me vale o carné da biblioteca?

- Para **levar libros, películas, cds de música, mapas... para casa**. Lémbtrate que é preciso traer o carné para levar un préstamo.
- En canto te inscribas nunha biblioteca da Rede xa che daremos acceso a **GaliciaLe**, a plataforma do libro electrónico de Galicia.
- Desde a páxina do catálogo da Rede podes solicitar unha **sesión personalizada**, que valerache para consultar o historial de buscas, crear listas privadas con seleccións de documentos do catálogo ou consultar as listas públicas creadas polas bibliotecas, propoñer a compra de obras para incorporalas á colección, solicitar que modifiquen os teus datos persoais, cambiar o contrasinal de acceso, colaborar no catálogo enriquecéndoo por medio de comentarios ou etiquetas relativos aos documentos e unha vez que che deamos o carné da biblioteca poderás consultar os teus préstamos vixentes ou anteriores, renovalos e reservasos.

Como fago o carné?

- Cumprimenta a **solicitud** que che damos en calquera biblioteca da Rede ou a que temos na web do catálogo.
- Facémosche unha **foto** na biblioteca.
- Amósanos un documento oficial identificador : **DNI, carné de conducir, pasaporte, NIE...** para comprobar os datos cando veñas facelo e cando veñas recollelo.
- **O carné faise de balde e é persoal e intransferible.**

Máis sobre o carné

- O carné vale para as **bibliotecas integradas no Catálogo Colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia** : <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/bibliotecas-integradas-no-catalogo-da-rede-de-bibliotecas-de-galicia>
- Tés que comunicarnos os cambios nos datos persoais. En calquera caso, estes **datos deben renovarse cada 5 anos no caso dos adultos, cada 3 nos nenos e cada 10 no caso das entidades**.
- A tarxeta só se cambiará en caso de **deterioro ou perda**, neste último caso hai que cumprimentar unha nova solicitud. A perda reiterada do carné conleva sanción : 7 días sen poder levar préstamos a 2ª vez que se perda, 14 días a 3ª vez, 21 días a 4ª e así sucesivamente
- Os **menores de 14** anos teñen que ter unha persoa adulta (pais, titores) que se responsabilice da súa solicitud.. Os pais ou titores poden facer uso do carné dos menores. Cando fagan os 14 xa os consideramos adultos para o préstamo.
- As **entidades** con fins culturais que pidan o carné, deben cubrir tamén un impreso indicando o nome do responsable da mesma (director, xerente...), o selo da entidade e o nome das persoas autorizadas (máximo 3) a usar este carné, acompañando fotocopia do DNI das mesmas

Autorizacións

- Se non podes vir pola biblioteca podes **pedirlle a alguén** que che recolla os préstamos, só téis que cumprimentar un impreso autorizando a outra persoa, pero ti seguirás a ser o responsable do carné.

Como atopo un documento?

- Búscalo no **catálogo** : <https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal>, é moi sinxelo. Pide que che aprendan a usalo. Tamén podes buscar polos andeis a ver que aparece.

Cantas cousas pode levar á casa?

- O total nesta biblioteca (ou nesta rede municipal) son 10 préstamos por persoa. O total en toda a Rede de Galicia son 20. O total por tipo de material cóntase por biblioteca do seguinte xeito :

Tipo Lector	Tipo Documento	Máximo docs/ Tempo	Renovacións
Adulto	Libros	5 durante 21 días	1 de 21 días
	Audiovisuais	2 durante 7 días	1 de 7 días
	Sonoros	2 durante 7 días	1 de 7 días
	Arquivos de ordenador	1 durante 7 días	1 de 7 días
Infantil	Libros	5 durante 21 días	1 de 21 días
	Audiovisuais	2 durante 7 días	1 de 7 días
	Sonoros	2 durante 7 días	1 de 7 días
	Arquivos de ordenador	1 durante 7 días	1 de 7 días

Podes facer combinacións:

*5 libros + 2 DVD + 2 CD + 1 CD-ROM = 10

*5 libros + 2 DVD + 1 CD-ROM = 8

*2 libros + 2 DVD + 2 CD + 1 CD-ROM = 7

- As entidades poden ter **60 préstamos como máximo, por biblioteca ou rede municipal, 120 en toda a Rede.** Tamén poden facer combinacións cos materiais. O total por tipo de material cóntase por biblioteca do seguinte xeito :


Tipo Lector	Tipo Documento	Máximo docs/ Tempo	Renovacións
Entidade	Libros	30 durante 21 días	2 de 21 días cada unha
	Audiovisuais	10 durante 21 días	
	Sonoros	10 durante 21 días	
	Arquivos de ordenador	30 durante 30 días	

Se preciso máis tempo de consulta?

- Podes renovar o préstamo transcorridos 5 días da realización do préstamo ata o día da súa caducidade, tanto por teléfono coma na biblioteca ou por internet desde atúa sesión do catálogo. **Non se permitirá a renovación de documentos reservados, nin se renova a usuarios sancionados ou con préstamos fóra de prazo.**

Renovar por internet, como se fai?

- Tés que entrar na túa conta persoal do catálogo da Rede : <https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal>, nos recadros da dereita metes **o teu nº de lector e un contrasinal**. Se non recibiches o contrasinal por correo, podes solicitálo de novo desde aquí no apartado “*Esqueceu o seu contrasinal?*” ou preguntar na Biblioteca. En canto entres na **túa conta**, marca os préstamos que queres renovar e dálle ao botón de Renovar.



Se o que quero está prestado?

- Podes facer unha reserva **desde a túa conta do catálogo, desde calquera biblioteca ou por teléfono**.
- **As reservas deben recollerse na biblioteca propietaria do documento**
- Só se reservan **exemplares prestados**.
- **O máximo de reservas por lector é de 6** (por tipo de material é como segue : 3 para libros, 3 para as revistas, 2 para os audiovisuais, 2 para os documentos sonoros, 2 para os arquivos de ordenador e 1 para lectores de libros electrónicos)
- **O prazo para recoller as reservas é de 3 días** dende que é avisado o usuario. De non recoller as reservas serán canceladas.
- Tamén se cancelarán as reservas dos usuarios sancionados ou con préstamos fóra de prazo.
- **Os documentos reservados non se poden renovar**.

Se entrego fóra de prazo os documentos que me pasa?

- **Quedarías días sen poder usar o préstamo a domicilio**. Cóntase 1 día por cada documento atrasado e día, ata un máximo de 90.
- Se **finalmente non devolves os documentos**, o teu carné quedará bloqueado permanentemente e non poderás levar ningún material en préstamo das Bibliotecas Integradas no Catálogo Colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Se deterioro ou perdo o documento que me levei en préstamo?

- En caso de deterioro, o persoal da Biblioteca valorará se é posible a súa reparación cos medios de que dispón. De non ser así, terás que repoñelo por outro igual. Se non o atopas no mercado, deberás comunicalo á Biblioteca para que che digan por que título alternativo podes substituílo. En caso de que o perderas, tamén terás que repoñelo. Ata que non o fagas, non poderás levar ningún material en préstamo.

O que buscaba non o tedes, pero penso que deberíades telo

- Fainos unha **suxestión de compra**, valorarémola e se é aceptada serás o primeiro en usar ese documento

Devolucións

- *Os documentos debes devolvelos na biblioteca onde che fixeron o préstamo*

QUE É GaliciaLe?

GaliciaLe (<https://www.galiciale.gal>) é a plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura.

Proporciona un servizo de préstamo temporal de obras en formato dixital de temáticas diversas no que os intereses de todas as persoas lectoras terán o seu espazo (ficción, informática, historia, ocio etc.) e todas as idades o seu lugar.

O lector atopará dous catálogos: un que contén o “Catálogo galego” e outro que aloxa o “Catálogo en castelán”. As obras incluídas nestas dúas contornas poderán lerse e visionarse en dispositivos compatibles: tabletas, teléfonos móbiles e ordenadores persoais. No caso dos libros, poderá facelo, ademais, desde un lector de libro electrónico.

QUE PRECISAS PARA SER USUARIO/A DE GaliciaLe?

Para poder acceder a GaliciaLe cómpre:

- Ser usuario/a con carné dunha das bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. En caso de que non dispoñas del, podes dirixirte á biblioteca pública máis próxima que forme parte desta Rede e solicitar o teu carné.
- Ter un dispositivo compatible (tableta, ordenador persoal, lector de libro electrónico, teléfono móbil etc.) e unha conta de correo electrónico.

COMO LER UN LIBRO?

LECTURA EN LIÑA

Comproba que dispós de conexión mediante wifi, datos móbiles etc. para iniciar a lectura.

LECTURA MEDIANTE DESCARGA

Antes de descargar un libro electrónico, comproba que:

- Dispós dunha conta Adobe ID.
- Tés instalada no teu equipo a aplicación Adobe Digital Editions en caso de que o teu dispositivo sexa compatible. En caso de que non o sexa, podes recurrir a algún dos programas que atoparás no tutorial. Para saber se o teu dispositivo é compatible, podes consultar esta listaxe.

Poderás tomar en préstamo ata un máximo de dous libros en cada catálogo (dous no catálogo galego e outros dous no catálogo en castelán) que estarán á túa disposición durante un prazo de 21 días. Se a obra ou obras que buscas están prestadas, poderás solicitalas en reserva (ata un máximo de dous).

COMO VER UNHA PELÍCULA?

As películas poden visionarse en liña. Para iso, é preciso que antes comprobes se dispós de conexión mediante wifi, datos móbiles etc. para iniciar o visionado.

Poderás tomar en préstamo ata un máximo dunha película no catálogo galego e estará á túa disposición durante un prazo de 48 horas. Se a película ou películas que buscas están prestadas, poderás solicitalas en reserva (ata un máximo dunha).

BIBLIOTECA PÚBLICA DE BERGONDO

Enderezo: Cruz do Sar s/n (Soto do Edificio Abanca), 15165 Bergondo, A Coruña
Tif.: 981 794 460

Correo Electrónico: bergondo.rbgalicia@eidolocal.es

Enderezo do Facebook da biblioteca: Biblioteca de Bergondo

Catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia : <https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal>

AULA DE LECTURA DA SENRA

Enderezo: Lugar da Senra 31, 15165 Bergondo, A Coruña
Tif.: 981 794 435

Correo Electrónico: asenraberghondo@gmail.com

QUÉ HORARIO TEÑEN AS BIBLIOTECAS?

BIBLIOTECA MUNICIPAL

Mañás:

- **Luns a venres:** 11.00 h a 13.00 h

Tardes:

- **Luns a venres:** 16.00 h a 20.00 h

Dende xullo, agosto ata o 15 de setembro: HORARIO DE VERÁN

- **Luns a venres:** 09.00 h a 14.00 h

A SENRA

Mañás:

- **Luns a venres:** 11.00 h a 13.00 h
- **Sábados :** 10.00 h. a 12.00 h

Tardes:

Luns a venres: 16.00 h a 20.00 h

Dende xullo, agosto ata o 15 de setembro: O horario das instalacións da Senra rexiranse segundo o indicado no horario de verán proposto dende o Concello.

O CONCELLO RESERVASE O DEREITO A MODIFICAR ESTE HORARIO POLA ORGANIZACIÓN DOUTRAS ACTIVIDADES QUE PRECISEN ESTA INSTALACIÓN.

Actualizado a 30/09/2020